



# Comunicado de Prensa

## **UGT E CCOO VEÑEN DE COMUNICARLLE A ADMINISTRACIÓN QUE ASUMEN O ACORDO PARA MELLORA DAS CONDICIÓNS LABORAIS DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA.**

Santiago, 18 de maio de 2018.

Despois do longo conflito da xustiza en Galicia no que se ten chegado o máximo posible neste momento da negociación por parte de Administración galega, e dado que no contido de dita proposta se alcanza unha parte importante dos obxectivos da mobilización que se ten desenvolto, e sendo conscientes de que quedan aspectos que necesariamente corresponde ó ámbito da comisión de seguimento; UGT e CCOO, entendemos que por responsabilidade debemos contribuír a que os beneficios dos obxectivos acadados por todos e todas os/as traballadores traballadoras se podan aplicar coa maior inmediatez posible, contribuíndo a paliar así os efectos dunha longa loita que se ten vivido en defensa da homologación salarial dos traballadores/traballadoras da Xustiza de Galicia.

Por todo anterior na mañá de hoxe temos comunicado que estamos en disposición de asinar o documento aportado pola administración o pasado 15 de maio na Mesa Sectorial

UGT e CCOO requirimos a inmediata convocatoria da comisión de seguimento cos asinantes para poder aplicar con carácter inmediato todas as medidas que recolle o acordo.

Recollemos o sentir maioritario dos traballadores e traballadoras e lamentamos que se teña alongado inecesariamente, por motivos non laborais, unha situación ficticia de mobilización que non estivo sustentada sobre os elementos esenciais das reivindicacións coas que se constituíu o comité de folga.

CCOO e UGT na vindeira semana realizaremos asembleas informativas explicando os termos do acordo e como se chegou a el e intentaremos facelas conxuntamente con aquelas organizacións sindicais que tamén defende o acordo.

### **PORTAVOCES**

**UGT: Manuel Gonzalez Carvajal 605081897**

**CCOO: Tino Novoa: 628709489**